
LA MEMORIA SECRETA DE LAS HOJAS

Hope Jahren

Ed Paidós, 2017

A memoria secreta das follas non é só un libro, é o fascinante debut dunha muller consagrada á ciencia, o retrato conmovedor dunha longa amizade e unha exposición sorprendente do mundo das plantas que cambiará radicalmente a nosa forma de contemplar a natureza. Na súa ópera prima, Hope Jahren preséntanos un revelador tratado sobre a vida das plantas que ademais versa sobre o traballo e sobre o amor, e sobre cómo se poden mover montañas cuando ambos van á par.

CUADERNO DE NATURALEZA


SECRETOS Y CURIOSIDADES DEL MUNDO

NATURAL

Julia Rothman

Ed Errata Naturae, 2018

Chegou o momento de que te fagas caso a ti mesmo. Sempre repitiéndote que tes que saír máis á montaña, que xa é hora de apagar as pantallas que che teñen obnubilado. Si podes, observa o cel esta noite, pero si a contaminación lumínica non o permite, non te preocupes, nas páxinas deste libro tes estrelas. E tamén un pouco de bosque, de mar e de volcáns. De carrizas e minerais. De tipos de plumas e cantos de aves. De peixes asombrosos e medusas fermosísimas. E serpes, osos, formigas, volvoretas... O alucinante despregamento do mundo natural dende o máis minúsculo, como o tardígrado que habita no musgo, ata o máis inmenso, como as fases da Lúa.



NOVIDADES BIBLIOTECA

IES O COUTO



LIBROS DE NOVIDADES EN CIENCIAS

EL HILO INVISIBLE DE LA NATURALEZA

Gianumberto Accinelli

Ed Libros del Zorro Rojo, 2018



Na natureza nada é independente: os seres vivos están unidos por un número infinito de fios invisibles, vínculos que o home, como calquera outra especie, está obrigado a respectar. Este libro desenreda esa metafórica madeixa a través de dezaoito sorprendentes capítulos sobre o impacto -case sempre negativo- que ten a intervención humana no medio natural.

MUJERES DE CIENCIA

Rachel Ignatofsky

Ed Nordica, 2017

Un libro ilustrado e educativo, que pon de relevo as contribucións de cincuenta mulleres notables aos eidos da ciencia, a tecnoloxía, a enxeñería e as matemáticas dende o antigo ata o mundo moderno. Esta fascinante colección tamén contén infografías sobre temas relevantes como equipos de laboratorio, tasas de mulleres que traballan actualmente en campos relativos á ciencia e un glosario científico ilustrado.



DEBAJO DE LA TIERRA, DEBAJO DEL AGUA

Aleksandra Mizielska y Daniel Mizielski

Ed Maeva, 2017


Os autores do fenómeno mundial Atlas do mundo proponnos unha emocionante viaxe que nos levará a lugares escondidos dos nosos ollos que se atopan baixo terra e no máis profundo do mar. A través de espectaculares ilustracións, nos adentraremos nas minas de ouro de Sudáfrica ou no interior dos volcáns, coñeceremos ó isópodo xigante ou as increíbles lombrices de terra de tres metros. E tamén aprenderemos moitas cousas, como en qué país está o metro máis profundo do mundo ou quen foron os primeiros mergulladores.

EL MISTERIO DE LA VIDA

Jan Paul Schutten

Ed Maeva, 2017

Que teñen en común os pepinos, os calcetíns fedentos, os robots e Lady Gaga? Sabías que todas as formigas da terra xuntas pesan máis que todos os humanos, elefantes e rinocerontes? En que se diferencia un paramecio dun robot? É verdade que sempre sobreviven os máis fortes? Estas son algunhas das preguntas ás que responde de xeito sinxelo, e con moito humor, este libro que podería espertar a vocación de futuros científicos.



ANIMALIUM

Katie Scott y Jenny Broom

Ed Impedimenta, 2014

Aprende como evolucionaron as especies. Vota unha ollada ao laboratorio de disección e descobre a gran variedade de seres vivos que poboan a Terra... Entra para explorar o reino animal no seu máximo esplendor. Considerado un dos mellores libros do ano por Kirkus Reviews, e unha das maiores sensacións da literatura ilustrada europea, Animalium é un apaixonante percorrido gráfico pola historia da vida animal.

VIDA

Joana Santamans

Jason Lutes

Ed Satiberri, 2016

Rodéanos. Formamos parte dela. Pero non sempre somos conscientes, porque se o foramos non deixaríamos de observala. Joana Santamans fai un canto á beleza neste bestializo ilustrado que inclúe máis de cen animais, ordeados en catro grupos: paxaros, bolboretas, outros insectos e criaturas mariñas. Unha viaxe polo apaixonante mundo da natureza no que nos acompañarán os textos de Ernest Santamans.

